FOLLA DE INSCRICIÓN SOCI@

SOCI@ Nº: _____

APELIDOS E NOME _____

ENDEREZO: _____ C.P.: _____ POBOACIÓN _____

D.N.I.: _____ DATA DE NACEMENTO _____ TELÉFONOS _____

ENDEREZO ELECTRONICO _____ PROFESIÓN _____

OUTROS _____ **Cota Anual: 24 €**

Sr. Director do/a Banco/Caixa _____ Sucursal ou oficina _____

Don/Dona: _____

con D.N.I. _____ titular da conta: | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

autorizo a que, dende esta data, teña a ben cargar na miña conta os recibos que ao meu nome lles envíe A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña

Asinado,

A Coruña, _____ de _____ de 20____

Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña. C.I.F. G-70026687 - Rúa dos Olmos, 16-18-1º. 15003 A Coruña. Telf. 981 200 869. www.memoriadacoruna.com - crmhacoruna@gmail.com

Organiza:

CRMH d'AC
Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña

Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña
www.memoriadacoruna.com

Colaboran:

Concello da Coruña

DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA

PAZ PARA SEMPRE

Perseguíronos con saña.
Detivéronos con sevicia.
Torturáronos con sadismo.
Encarceráronos sen causa.
Xulgáronos sen xustiza.
Paseáronos sen piedade.

Así os mataron.

E impuxeron o terror.
E impuxeron a calumnia.
E impuxeron a falsificación.
E impuxeron a censura.
E impuxeron o silencio.
E impuxeron o esquecemento.

E así trataron de rematalos.

Contra o exterminio atroz
das súas vidas desfeitas
e contra o esquecemento inxusto
do silencio cómplice
queremos manter viva para sempre
a memoria galega
das vítimas do fascismo,
en solidariedade
con todas as comunidades do mundo
que padecesen calquera ditadura do terror.

Porque como aquelas vítimas
queremos liberdade para sempre.
Porque por aquelas vítimas
para sempre quereremos xustiza.

Porque a realidade é o desexo,
PAZ PARA SEMPRE.

Claudio Rodríguez Fer







MEMORIAL
ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO

ACTOS

Domingo, 19 de decembro de 2010

Ás 17 horas, na avenida de Navarra da Coruña (fronte á residencia Torrente Ballester)

- **Inauguración do MEMORIAL ÁS VÍTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA, "XERMOLOS DE PAZ E LIBERDADE", do escultor "VALDI"**



- **Lectura colectiva dos nomes das vítimas** dos concellos da Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada.

- **Recitado do poema "Paz para sempre"** por Claudio Rodríguez Fer.

- **Actuacións musicais:** Polifónica Coruñesa Canticorum; Xosé Taboada e César Morán.

XANTAR DE IRMANDADE
Antes da inauguración do Memorial, teremos ás 14,00 horas, un xantar de irmandade no hotel Meliá María Pita (praia do Matadoiro).

As persoas interesadas en participar deben facer o ingreso de 20 euros na conta de Caixa Galicia: **2096 0489 11 3275331004**, antes do 17 de decembro ou chamando ao teléfono: 645029338.

Mércores, 15 de decembro de 2010

Ás 20 horas, no salón de actos da Fundación Caixa Galicia, no Cantón Grande da Coruña

- **PRESENTACIÓN DO LIBRO "A HISTORIA SECUESTRADA POLO FRANQUISMO"**

Con asistencia do autor, Manuel Monge, de Francisco Pillado por Edicións Laiovento e do escritor Manuel Rivas.

Martes, 21 de decembro de 2010

Ás 20 horas, no teatro Rosalía de Castro da Coruña

- HOMENAXE AOS FAMILIARES DAS VÍTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA

- Recital poético.

- Actuacións musicais: A Quenlla; Xosé Taboada, César Morán e Paco Campos

- Presentación do acto: Xurxo Souto, Isabel Risco.

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH) celebra a súa asamblea de constitución o 9 de novembro de 2004.

A CRMH ten como fins:

- **Recuperar a memoria histórica de Galiza**, porque non pode entenderse o presente e construír o futuro se ignoramos o noso pasado.

- **Recuperar e divulgar a memoria histórica de todos aqueles cidadáns galegos**, homes e mulleres de moi diversas ideoloxías (en todo caso leais ao réxime constitucional da II República, ás liberdades democráticas vixentes naquel momento e ao Estatuto de Autonomía de Galiza), que, tras o levantamento militar antidemocrático e inconstitucional de 1936, foron asasinados, pasaron á resistencia armada na guerrilla antifranquista, foron perseguidos e encarcerados até o exterminio ou tiveron que padecer a emigración e o exilio -tamén na propia terra-, mesmo continuándose nel, nalgúns caos, a loita polo restablecemento das libertades do pobo galego e pola reconstrución dun réxime democrático na Galiza.

Durante estes anos a CRMH desenvolveu numerosas actividades, contribuíndo a eliminación de máis de 50 símbolos franquistas na cidade da Coruña, realizando roteiros polos lugares da memoria; homenaxe ás vítimas da represión franquista; congreso da guerrilla antifranquista; conferencias e presentación de libros; celebración do Día da República; concentracións para a recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio púlblico, etc.

Se queres colaborar coa CRMH podes cubrir o boletín de inscrición a través da nosa páxina web, cortando e enviando este boletín por correo ou entregando o mesmo pola tarde na rúa Olmos, 16 e 18, 1ª.

crmhacoruna@gmail.com
www.memoriadacoruna.com